

Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se declara vacante unha (1) praza da convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de ANÉMONE no permiso de explotación de embarcación ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico anémone, a pé, mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Camelle

Antecedentes

1. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).
2. De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión para o recurso específico anémones (PE410A 2021/72-1), modalidade a pé, mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Camelle (en diante a entidade) estableceuse para a modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, un número máximo de 3 embarcacións con 6 habilitacións (2 cotas/embarcación).
3. O 23.02.2022, esta xefatura territorial remitiu á entidade información para o inicio da convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade no permiso de explotación ás embarcacións interesadas, ao abeiro do plan de xestión aprobado, para que presentasen as observacións que considerasen oportunas no prazo de 3 días hábiles. O 24.02.2022, a entidade indicou a súa conformidade á proposta realizada. Non obstante, tamén fixo constar que o plan establece unha (1) habilitación a pé.
4. O 29.03.2022 esta xefatura territorial ditou a resolución pola que se convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de anémone a tres (3) embarcacións coa única asignación posible de 2 cotas para mergulladores/embarcación (6 habilitacións en total) para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de anémone da confraría de pescadores de Camelle e estableceu un prazo de 15 días hábiles para a presentación das solicitudes.
5. O 10.05.2022 esta xefatura territorial ditou resolución pola que se publicaba a lista provisional das embarcacións admitidas ao proceso selectivo e a lista definitiva de



embarcacións excluídas así como as causas da súa exclusión.

6. O 03.06.2022 esta xefatura territorial ditou resolución pola que se publicou a lista definitiva das embarcacións seleccionadas na convocatoria do proceso selectivo, outorgando un prazo de quince (15) días hábiles para que as embarcacións seleccionadas presentaran a documentación correspondente. O número de embarcacións participantes admitidas e seleccionadas (3) foi igual ao número de prazas convocadas (3) para o outorgamento da modalidade.

7. O 01.07.2022, esta xefatura territorial requiriulle á persoa armadora da embarcación seleccionada DOS CUÑADOS (3ª-CO-4-1377) para que no prazo de 10 días achegara a seguinte documentación:

- Renuncia a unha arte ou modalidade no permiso de explotación, posto que a embarcación conta xa co máximo de cinco.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

2. Pola resolución do 29.03.2022 convocouse o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de anémones para tres (3) embarcacións coa única asignación posible de dúas (2) cotas para mergulladores cada unha no permiso de explotación para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de anémones da confraría de pescadores de Camelle.

3. A resolución do 03.06.2022 pola que se publicou a lista definitiva seleccionou ás tres (3) embarcacións presentadas para obter a modalidade de anémones e estableceu un prazo de 15 días hábiles para a presentación da documentación requirida para o outorgamento. Transcorrido o prazo indicado con anterioridade e cumpridos os requisitos esixidos, outorgóuselle a modalidade de anémones a dúas (2) embarcacións coa asignación de 2 cotas no permiso de explotación a cada unha delas.

4. A resolución do 03.06.2022 pola que se publicou a lista definitiva das embarcacións seleccionadas na convocatoria do proceso selectivo, e se abriu o prazo para a presentación de documentación, recolle no seu apartado 3º, o establecido no apartado 1.2 do anexo A das bases da convocatoria:

"Para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación, consonte ao artigo 25 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá cumprirse os seguintes requisitos:

- a) *Ter menos de cinco artes ou modalidades no seu permiso de explotación da embarcación. No caso de ter cinco, deberá xustificarse a renuncia a unha delas unha vez seleccionada a embarcación.*

... "



5. Constatado que o permiso de explotación da embarcación DOS CUÑADOS (3ª-CO-4-1377) presenta 5 artes ou modalidades, requiríuselle á persoa armadora da embarcación para que xustificase a renuncia a unha delas e que de non facelo entenderíase que desistía da súa petición. Transcorrido o prazo legalmente establecido para a achega da documentación sinalada, a persoa armadora non presentou documentación ningunha polo que pasa a declararse desistida da súa solicitude na presente resolución.

6. A resolución do 03.06.2022 pola que se publicou a lista definitiva das embarcacións seleccionadas na convocatoria do proceso selectivo tamén establece no seu apartado 3º que:

“...

Se dentro do prazo fixado a persoa armadora seleccionada non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2 da convocatoria, entenderase que desiste da súa solicitude. Neste caso, emitirase unha nova resolución modificando esta, declarando vacante a praza polo desestimento da persoa armadora que non presentou a documentación ou carece dos requisitos.

...”

7. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Declarar desistida das súas solicitudes, en relación á resolución do 03.06.2022 desta xefatura territorial para o outorgamento da modalidade ANÉMONE no permiso de explotación de embarcación para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de anémones da confraría de pescadores de Camelle, á embarcación e persoas armadora que se indica a continuación:

CFPO	EMBARCACIÓN	LISTA, MATRÍCULA E FOLIO	TITULAR DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN
57572	DOS CUÑADOS	3ªCO-4-1377	JOSÉ JUAN BERMÚDEZ TAJES

2. Declarar vacante unha (1) praza para a obtención da modalidade de ANÉMONE no permiso de explotación de embarcación e 2 cotas para mergullador ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico anémone, modalidade a pé, mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Camelle.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con



carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Camelle.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Camelle, como entidade titular do plan de xestión, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial

María José Cancelo Baquero

P.D. de sinatura (Resolución da xefa territorial de 20 de abril de 2021)

O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

Miguel Gómez Losada

(sinatura electrónica)

